

BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME II / NUM. 27
SEMÁN 38/1987
(20 ó 26 de setembro)



CONSELLERÍA DE SANIDADE

6 DE NOVEMBRO DE 1987

XARAMPÓN: UNHA EPIDEMIA QUE PUIGO SER EVITADA (REINO UNIDO, 1986)

Publicase a continuación un pequeno artigo aparecido a remates de xaneiro no Weekly Epidemiological Record da O.M.S. no que dende unha óptica positiva se critica a aparición dunha epidemia de xarampón ocorrida durante 1986 no Reino Unido. A súa tese é que de se teren posto na práctica unhas directrices de prevención mediante a vacinación contra o xarampón, aquela teríase evitado.

Coidamos que esta publicación é oportuna por dous motivos. Primeiro porque tamén durante 1986 se deu na nosa Comunidade Autónoma, así como en España unha onda epidémica da dita enfermidade; oportunidade pois, para estableceren aquelas correlacións precisas. Segundo, porque despois do refluxo que da mesma estamos a observar en 1987, se pode sospeitar con certo fundamento que 1988, ás portas do cal estamos, vai ser un ano novamente epidémico; como corresponde (se non se dan factores que a modifiquen) á clásica presentación bi-anual das ondas epidémicas na nosa Comunidade Autónoma.

(Tomado do WEEKLY EPIDEMIOLOGICAL RECORD. Organización Mundial da Saúde n.º 4 do 23/xaneiro/1987. Xenebra).

Desde 1968 se dispón dunha vacina contra do xarampón, segura e eficaz que confire inmunidade duradeira. De terse aplicado a política adoptada en 1984 polo Departamento Escocés de Saúde e Benestar (SHHD) en materia de vacinación contra do xarampón, esta enfermidade tería sido erradicada. Sen embargo, Escocia con 4.595 casos notificados en 1985 segue a rexistrar máis casos anuais ca EE.UU. que notificou 2.813 no mesmo período. O presente ano de 1986 é un ano epidémico pois xa se notificaron durante o 1.º trimestre 4.828 casos, número moi superior ós 2.842 do mesmo semestre do ano anterior, e incluso superior ós xa ditos 4.595 do conxunto dese ano (ver cadro n.º 1).

Cadro n.º 1. Casos notificados polo Gran Consello de Saúde de Glasgow (GGHB). Escocia, Inglatera e País de Gales. 1980-1986.

Ano	GGHB	Escocia	Inglatera y País de Gales
1980.....	776	6.646	139.485
1981.....	520	4.698	52.974
1982.....	1.727	10.581	94.195
1983.....	488	6.193	103.700
1984.....	815	4.897	62.080
1985 ^a	580	4.595	
(semanas 1 a 26).....	(423)	(2.842)	
1986 ^a (semanas 1 a 26).....	(517)	(4.828)	

^a Cifras provisionais

O xarampón é unha enfermidade altamente contaxiosa que pode ser moi grave e incluso perigosa. Estímase que produce síntomas graves no 4% dos casos, e moderadamente graves no 44%.

Un informe chegado do Condado de Fife facía ver que un caso sobre 200 tiña que ser hospitalizado, e que do conxunto dos casos hospitalizados, o 42% presentaban trastornos respiratorios, o 28% otite e o 29% convulsións. O feito de que sobre 5.000 persoas enfermas de xarampón ainda hai unha que morre (a pesar de recibir tratamento) indica que o xarampón non está precisamente en camiño de ser unha afección clínica áida menos grave.

De feito o xarampón segue a ser unha das enfermidades más perigosas que afectan á infancia. Tódolos nenos terían que recibi-la vacina contra do xarampón antes do seu segundo ano de vida, coa única excepción daqueles que teñan a inmunidade alterada, causa por outra banda extremadamente rara neste grupo de idade.

É preciso tomar algunas precaucións especiais en determinados casos, a relación da cal se atopa no cadro n.^o 2.

Con abondosa frecuencia recoñécense como contraindicacións circunstancias que non o son, e déixase de administra-la vacina indebidamente.

Cadro n.^o 2. Consideracións acerca da administración da vacina contra do xarampón.

Episodio febril.....	—Retrasa-la vacinación só un curto período de tempo.
Alerxias:	
• Hipersensibilidade ó ovo.....	—A ter en conta só se causou un estado anafilactoide. (*)
• Neomicina/Polimixina (utilizadas para a fabricación da vacina).....	—Escasamente relevante (**)
Inmunidade alterada.	
• Leucemia, linfoma, tuberculose activa, toma de esteroides.....	—Extremadamente rara no segundo ano da vida.
Embarazo.....	—Retrasa-la vacinación ata o 4. ^º mes, se é posible.
Antecedentes de convulsións (comprendidos antecedentes familiares).....	—Inmunizar coa inmunoglobulina específica antixarampón, ou baixo protección anticonvulsivante.
Exposición ó xarampón.....	—Vacinar antes das 72 horas (inmunoglobulina ata o 5. ^º día).
Antecedentes de ter pasado o xarampón.....	—Ignorarlos e vacinar (os antecedentes poden non ser fiables e a vacinación é inofensiva nas persoas xa inmunes).
«Contraindicacións» que non son <i>necesariamente</i> válidas.	
—Infección das vías respiratorias superiores.	
—Asma, eczema, ou outros tipos de alerxia.	
—Antecedentes de xarampón.	
—Exposición ó xarampón.	
—Convulsións.	

(*) O sentido que a dita consideración ten, é o seguinte:

Dado que a vacina se obtén por cultivo nos fibroblastos do embrión do polo, os nenos con ANAFILAXIA DEMOSTRADA ó ovo non deberán ser vacinados. Outros tipos de alerxia cara ás proteínas do ovo, non anafilácticas, non contraindican de maneira absoluta a vacinación. [sic] (1).

(**) O mesmo acontece con aqueles suxeitos alérxicos á Neomicina, antibiótico empregado na incubación da vacina. Só aqueles que teñan presentado reaccións anafilácticas, trala exposición a este antibiótico administrado por calqueira vía, non deberán recibi-la vacina. Sen embargo a reacción alérgica máis frecuente cara á Neomicina é unha dermatite de contacto. A cantidade de Neomicina contida nunha dose de vacina (25 megr.) só producirá unha pequena pápula no lugar da inxección, o que tampouco constitúe unha contraindicación absoluta. [sic] (1).

Nun consultorio médico situado no distrito sudeste de Glasgow, que ten que cubri-la atención aproximadamente dunhas 3.000 persoas, realizáronse tres análises consecutivas ós nenos rexistrados no mesmo. O primeiro estudio fixose sobre 247 nenos nacidos durante o período 1975-1980 e inscritos na consulta en 1982. O segundo correspondía a 81 nacidos en 1981-1982 e inscritos en 1984. O terceiro a 87 nacidos en 1983-1984 e inscritos no 1986.

A cobertura vacinal cara ó xarampón foi do 90% nos dous primeiros grupos e do 100% no terceiro.

No cadro n.^o 3 recóllese as cifras do dito consultorio, así como as correspondentes a todo o sudeste de Glasgow, Gran Glasgow (GGHB) e Escocia.

Cadro n.º 3. Cobertura vacinal cara ó xarampón (en porcentaxe). Escocia 1975-1984.

Nenos nacidos en	Consultorio dos médicos xerais Sudeste de Glasgow	Distrito Sudeste GGHB	GGHB	Escocia
1975		—	—	—
1976		—	—	—
1977	90	—	—	—
1978		—	—	—
1979		—	—	60
1980		66	66	57
1981	90	74	72	64
1982		77	76	—
1983	100	81	77	—
1984		—	—	—

Esta cobertura vacinal anti-xarampón, uniformemente crecente explícase sobre todo polo funcionamento ó longo do estudio dun programa informatizado de Rexistro de Vacinacións do GGHB, organismo que se pon automáticamente en comunicación cos pais dos nenos mediante carta, indicándolle-la data na que teñen que leva-los nenos ó dispensario para a súa vacinación no transcurso do segundo ano da vida. O aumento da porcentaxe de cobertura en 1983-1984 (3.º período) provén dos cambios introducidos na política reflexada nas directrices do SHHD (Departamento Escocés de Saúde e Benestar) sobre vacinacións.

Paga a pena destaca-la virtual ausencia de nenos excluídos da vacinación por contraindicacións.

Outro feito importante constitúeo o compromiso permanente de todo o equipo de Atención Primaria, que tenta de promove-la vacinación animando ós pais indecisos a consultar calquera dúbida ós membros do mesmo. Neste senso tense notado que moitos pais que retrasan ou evitan a vacinación dos seus fillos fano porque teñen dificultades en acepta-la responsabilidade que conleva a toma de decisión da vacinación. Isto tradúcese nunha certa angustia, que á súa vez lles conduce a non leva-los seus fillos a vacinar, invocando a miúdo como pretexto que «o neno non se atopa ben». Sen embargo se é o médico, o que examinando ó neno o atopa apto para ser vacinado, entón diante dos ollos de numerosos pais será el que teña tomado a responsabilidade da decisión de vacinar, accedendo os pais en xeral a isto.

O interese manifestado e os esforzos empregados permitiron obter unha elevada cobertura vacinal contra o xarampón no consultorio dos médicos xerais onde tiveron lugar os tres estudos. A aplicación das directrices de 1984 do SHHB (Departamento Escocés de Saúde e Benestar) posibilitou alcanza-la cobertura do 100% nun período de dous anos.

Mentres que na Comunidade non aumente o nivel xeral da vacinación anti-xarampón, o xarampón seguirá a ser unha enfermidade grave e «innecesaria».

(Tomado de: Enfermedades de declaración en Escocia n.º 86/41)

NOTA DA REDACCIÓN:

Nunha nova revisión que a O.M.S. ten realizado sobre as indicacións e contraindicacións das vacinas empregadas nos Programas de Vacinación*, resaltouse que en numerosos países a cobertura vacinal está ainda lonxe de se-la óptima, sendo unha das razóns que tal cousa suceda a aplicación errónea das contraindicacións da vacinación.

Despois de compara-los riscos de reaccións indeseables postvacinais cos riscos debidos as complicacións da enfermidade natural, concluíuse que a decisión de privar a un neno vacinable dos beneficios da vacinación, non tiña que ser tomada á lixeira, sobre todo cando a incidencia das enfermidades prevenibles mediante vacinación, segue sendo elevada. Unha febre lixeira, unha infección respiratoria benigna, ou un episodio diarreico non son contraindicacións para a vacinación.

Os Estados membros da rexión europea da O.M.S. teñen fixado como obxectivo a eliminación do xarampón na rexión no ano 1990**. Cando a pesar das elevadas taxas de cobertura vacinal e incidencia do xarampón segue a se manter elevada, será preciso interrogarse sobre a eficacia da vacina. O medio máis económico e útil, para obter

ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN

ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN

SEMÁN 38/1987 DO 20/10/87

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCÓCICA) (098.0)		GRÍPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)		
	1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	
1 CEDEIRA					3				13	4	136		6					22	
2 ORTIGUEIRA	1				1		1	9	7	906	5	31		2				39	
3 NARÓN					5				8	5	1.307		12		1		1	24	
4 AS PONTES					1				1	22	79	1.948	1	24				12	
5 FERROL					14				30			5.359		115			2	1	6
6 FENE									6	7	1.411	1	4	1	4	1	1	14	
7 PONTEDEUME									32	19	2.771		8					42	
8 CEE					3		1	1	6	13	2.833		5			2		132	
9 VIMIANZO									1		223		23					2	
10 PONTECESO					3		1	1	15	7	2.276		14		1			51	
11 CARBALLO	1	2							55	28	1.235	1	11	1	5	4	38		
12 ARTEIXO					6		2						1					2	
13 A CORUÑA	3		6		7	1	62		217	11.454	2	74		9	4	83			
14 CULLEREDO-O BURGO			1	1	6	1	30	2	1.101	1	7						98		
15 OLEIROS			5		2		9	4	406			1					17		
16 BETANZOS			17				5	66	12	1.485		7		1			75		
17 SANTA COMBA								28	10	683		2					1	39	
18 NEGREIRA			2					48		396		6						89	
19 ORDES					2	5	3	168	24	2.869					3			154	
20 CURTIS-TEIXEIRO			4					7	8	689		2						45	
21 SANTIAGO			4		6		46	75	2.827	5	14		4	1	226				
22 MELIDE								15	3	419		1						14	
23 MUROS								4		145		5						18	
24 NOIA					17				15	22	940		12					60	
25 PADRON					1				59	16	1.056	1	6	1	1	3	129		
26 BOIRO											744		2					72	
27 RIBEIRA							2		6	6	1.641		5					35	
28 A ESTRADA							2		15	25	1.760		13		1	1	17		
29 LALIN	1		5	53	8	2	13	2	29	51	4.847	1	39		8	1	6		
30 VILAGARCIA DE AROUSA					1		1	2			404						20		
31 CALDAS DE REIS							5	1			457						10		
32 VILANOVA DE AROUSA									11	13	1.026		5	1	4	2	35		
33 CAMBADOS											288		1					12	
34 O GROVE							2											18	
35 SANXENXO	1		1		4	1	21	16	497			11						105	
36 PONTEVEDRA	5		29		14	1	27	76	7.112			50		7	4	2	32		
37 FORCAREI								5	3	246		4						32	
38 MARIN					1		1		51	3.543	1	17	1	2	4	76			
39 CANGAS							7		7	10	1.151		4				2	47	
40 REDONDELA			6		10		4	1	972			51						19	
41 VIGO	1	24	13		11		49	51	4.793	1	35	8	19					16	
42 VAL MIÑOR-PANXON			8				16			640		8		3	1	28			
43 PORRIÑO	1				10		16			929		3					62		
44 PONTEAREAS					5	18	18	4	654			9		1			15		
45 A CAÑIZA					4		9	22	1.094			4		2	2	42			
46 A GARDA					7	1	21	3	646			19					25		
47 TUI					5		12	14	1.377			3					21		
48 SALVATERRA DE MIÑO					3		15			733		6					11		
49 VIVEIRO			2		1	1	28	7	454			13					30		
50 CERVO-BURELA	1	1			1	3	7	13	450			10						55	
51 MONDOÑEDO									30										
52 RIBADEO					2		1	12	14	905	3	3					1	46	
53 VILALBA	1							24		145		2			7		17		
54 MEIRA							1	1	27	9	1.304		2					69	
55 FONSAGRADA							1		23		397							39	
56 GUITIRIZ							1	1	9		71		2					3	
57 RABADE	3						1		15		733		6					29	
58 LUGO	7	15	5		3		16	2	1.770	1	36	2	11					11	
59 CASTROVERDE							1	2	168			2						7	
60 PALAS DE REI																			
61 MONTERROSO								8	12	800								148	
62 SARRIA	1						1	1	35	27	1.579		13		1			118	
63 BECERREÁ	2							36	9	2.554		6						63	
64 CHANTADA								1	33	31	1.805		36					134	
65 MONFORTE DE LEMOS	1	3			1			8			362		2					15	
66 QUIROGA								5		153		3						9	
67 O BARCO	3				5		38	100	4.290			241		3				28	
68 O CARBALLIÑO					11		23	26	3.404			56		4	1	43			
69 RIBADAVIA			4		17	1	38	20	1.909			59		10	1	65			
70 OURENSE	4				10		14	1	42	38	3.053		98		47	3	185		
71 MACEDA							1	3	18	2	963		1				1	44	
72 CASTRO-CALDELAS								1	17	14	557							25	
73 A POBRA DE TRIVES	22								29	15	1.304		36	14	1	50			
74 VIANA DO BOLO	2							1	10	4	633		12					34	
75 CELANOVA	4							6	48	24	2.192		14		1	1	44		
76 ALLARIZ					3	2	108	8	715								35		
77 BANDE					3		33	9	639								6		
78 XINZO DE LIMIA	2				1	9	2	95	11	1.488		3					35		
79 VERÍN	2	24			1	1	9	35	4	2.017		80		3	1	108			
80 A GUDIÑA			8				8	22		373			3				19		

LARACIÓN OBRIGATORIA

OBLIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

Ó 26 DE SETEMBRO

PAROTIDITE (072)	PROCESOS DIARREICOS		RUBEOLA (056)	REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		SARAMPELO (055)	SFILE PRIMARIA- SECUNDARIA (091-092)	TOS FERINA (033)	TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)	VARICELA (052)	PROCESOS RESPIRATORIOS (IRA) (460-466)		INTOXICACIÓNS ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.		
	Casos	Acumul.		Casos	Acumul.						Casos	Acumul.	Casos	Acumul.			
1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987		
sos	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	
20	6	216	4		2			2			19	17	684		1		
4	24	382	7		22				2		47	49	1.729		2		
37	9	244	11		108	1					82	20	910		3		
45	70	931	7		1	3				1	50	172	5.926		4		
26	2	2.620	25		131	6	42	10			963	11	12.764	1	5		
45	9	315			22	1	17				109	15	1.649		6		
19	11	569	4		143			3			201	57	3.116		7		
7	16	1.120	3			2				13	127	11	2.571	34	8		
2	2	84							1	3	4			33	9		
14	35	688	8					10		4	94	84	5.352	1	10		
9	43	654	71				2	5	3	19	1	133	79	5.063	20		
		854									26		1.614		12		
62	231	4.033	1	23		6	22	30	2	117	3	347	550	19.434	7	13	
20	33	457	20		81	3	1	1	3	1	410	65	3.886		14		
8	6	252			7		2		2		197	51	886	4	15		
12	44	1.302	25		197	2	8		4		396	115	5.167	1	16		
1	27	698	11		1	1					352	37	1.765		17		
25	1	286	8			4					86	1	327		18		
43	14	514	152		52			16		3	435	30	2.899	37	19		
2	4	136	7		1	2	6		7		34	12	651	22	20		
8	132	1.417	75		46	3	3	8	6	4	364	216	4.450	3	21		
3	11	257			2			3	2		164	27	1.235	67	22		
		14	530								74	27	1.435		23		
24	31	806	30			26			2		5	7	495	73	2.106		24
16	9	592	10		64					2	2	3	394	32	1.284	2	25
1	24	491	8		2						2		164	10	734		26
7	20	290	15		1						31	28	299		27		
9	23	991	12								265	26	2.726		28		
1	7	20	1.186	96	4	4	2	2	3	5	256	62	6.103	16	29		
17	85	2.204	15	2	9	1	2	1	3	10	674	197	14.345		30		
1	6	167	1		7		1	1		3	14	5	577	2	31		
22	721									6	259	11	1.349	32	32		
7	9	261	5			9	1	2		4	369	18	1.380	6	33		
6	6	55						1	1	1	2	25	938		34		
15	6	284	10	4		3		2	1	6	246	7	375		35		
32	152	5.274	13	1	5		3	32	4	43	2	1.180	299	17.934	1	36	
7	1	148		1	2					6	117	6	354		37		
8	18	870	1					1	5	17	1	118	185	5.833	11	38	
		316	3	7	2		1		2	1	21	6	508	18	2.225		
8	14	412	91			3		2	1	5	2	285	1	1.508	104	40	
21	6	1.140	10		6	2	43	10	1	65	707	79	8.554	115	41		
7	31	1.284	25	1			2	2			2	388	64	2.422		42	
6	27	587	2	2		3	8	4		9	270	32	2.323	9	43		
358	21	484	3	3	7		3			3	303	47	1.442	45	44		
3	32	1.084	1			6					53	42	1.050	54	45		
2	71	614	31			6		2	80	1	11	136	46	1.752	109	46	
22	21	518	6				3			1	1	183	25	1.406	6	48	
21	23	844	1		30	2	2			3	204	38	1.708	26	49		
16	44	646	7			22				3	204	38	1.708	26	49		
5	18	413		2		2				2	116	64	2.940		50		
1	37									3	4	14	457		51		
20	310	1	6	1				1		4	171	39	2.478		52		
1	2	34					1	2		7	16	11	575	9	53		
4	8	408	32		58	3				4	178	44	3.059	10	54		
13		418	1		31						43		1.308		55		
		2	72							3	26	1	44		56		
1	2	283	1	1	4	1				5	20	11	1.069	10	57		
3	14	590	16	4	39	5	2			23	60	42	4.969	1	58		
1	4	53			36					4	20	2	578	7	59		
										1					60		
5	6	459	11		3						59	16	1.013		61		
4	34	964	2		63	1	20			3	163	138	5.290		62		
10	6	628	6		97					3	1	25	19	2.775		63	
18	40	783	4	11	12	1	2			1	445	54	3.162		64		
		12	311	4				1	2	5	16	39	1.428		65		
										5		366		66			
790	23	706	16	1	5	3	4	1	2	5	202	237	11.533		67		
10	52	1.421	3		12	1	2		10		152	97	6.688	3	68		
16	11	838	9	10	21	2	1		2		284	39	4.006	6	69		
37	50	1.916	9	1	31	3	2		45		697	103	10.584	38	70		
31	10	620	1	29	28		3	3	1		167	52	1.850	4	71		
63	13	379	1			1					13	26	1.433		72		
99	12	409	16	2	2	1					56	15	1.743		73		
8	4	212	1			1					22		2.089	3	74		
1	21	1.009	3	1	6	1				8	350	51	3.465		75		
16	12	328	6	1	11						84	17	779		76		
		15	566	7	1	1	1				225	19	925		77		
10	28	786	7	2	74	7				3	113	23	1.475	28	78		
20	29	942	17	2	12	2	9			13	291	82	4.771	19	79		
			54			1				1	39	711		3	80		

unha resposta rápida e fiable quizais sería proceder a unha avaliacián da eficacia das vacinas *** dentro do cadre xeral das medidas tomadas para investigar e combate-los brotes epidémicos.

* Ver Weekly n.º 3, 1984, pp. 13-15.

** Ver Weekly n.º 22, 1985, pp. 165-168.

*** Ver Weekly n.º 18, 1985, pp. 133-136.

Como complemento ó artigo exposto, de seguido entresacamos dunha das referencias citadas un cadre resumo das reaccións adversas ou indeseables postvacinación anti-xarampón, e pola contra das complicacións da enfermidade natural (Weekly n.º, 20 / xaneiro / 1984, pp. 13-15).

Cadro n.º 4. Taxas estimativas das reaccións adversas graves consecutivas á vacinación anti-xarampón, en comparanza coas complicacións orixinadas pola enfermidade natural e as debidas á morbilidade natural.

Reaccións adversas	Taxas de complicacións debidas ó xarampón por 100.000 casos	Taxas de reaccións adversas debidas a vacinación por 100.000 vacinados	Taxas de morbilidade natural por 100.000 persoas
Encefalite - Encefalopatía.....	50-400 (0,05% - 0,4%)	0,1	0,1 - 0,3
Leucoencefalopatía Esclerosante subaguda.....	0,5-2,0	0,05-0,1	—
Neumonía.....	3.800-7.300 (3,8%-7,3%)	—	—
Convulsións.....	500-1.000 (0,5%-1,0%)	0,02-190	30
Mortes.....	10-10.000 (0,01%-10%)	0,02-0,3	—

Como se sabe certos estados morbosos particularmente sindromes febrís e neurolóxicos, acontecen igualmente de forma «espontánea» en nenos non vacinados. As convulsións por exemplo poden ser subseguintes a unha vacinación anti-xarampón, pero a súa frecuencia natural tamén é por si mesma elevada. Entre as idades de 3 a 15 meses, a taxa de incidencia mensual de convulsión está comprendida entre 0,8 e o 1,4 por 100.000 nenos.


O cadre n.º 4 mostra a comparanza entre as taxas de reaccións adversas ocasionadas por 100.000 vacinacións e aquelas outras ocorridas polo padecemento da enfermidade natural (tamén por 10.000 casos). Complétase a dita comparanza coas taxas de morbilidade natural, é dicir, as ocasionadas polo conxunto de outras enfermidades capaces tamén de producillas. É de destaca-la taxa de 50 a 400 casos de encefalite ou encefalopatías ocorridas por 100.000 enfermos da infección natural e a xerada pola vacinación da que soamente se espera ocasione 0,1 caso de encefalite ou encefalopatía (tamén por 100.000 vacinacións/neno administradas).

Respecto os desenlaces fatais que se poden esperar por unha e outra forma, remitímonos sen máis comentario ó mencionado cadre, por seren as cifras altamente expresivas do balance favorabilísimo que a vacinación representa fronte ó padecemento da enfermidade, na evitación dos mesmos.

Neste senso dende que en 1978 se estableceu en EE.UU. o programa de erradicación do xarampón, estímase que se teñen evitado 52.107.000 casos de xarampón, 5.210 falecementos e se teñen obviado uns 17.300 casos de retraso mental. Todo isto supón un aforro monetario de máis de 5 millóns de dólares (2,3).

En relación con isto pódese observar (figura n.º 1) como o número de casos notificados de xarampón nos EE.UU. foron en constante diminución dende a introdución da vacina no 1963, pasando dos aproximadamente 450.000 casos notificados aquel ano a fluctua-lo seu número ó redor dos 5.000 casos/ano a partir de 1981 (4).

Figura 1. Xarampón, casos por ano - EE.UU., 1950-1986 *



* Cifras provisionais de 1986

U.S. DEPARTMENT OF HEALTH AND HUMAN SERVICES/PUBLIC HEALTH SERVICE

En comparanza con estas cifras, o camiño que temos que percorrer non é pouco, como se pode ver no cadro n.^o 5, tendo ademais en conta as baixas taxas de declaración na nosa Comunidade Autónoma. (B.E.S. de Galicia n.^o 9 corresponde ao 6-7-87).

Cadro n.^o 5. Xarampón: n.^o de casos notificados e taxas estimadas* en EE.UU., España e Galicia. 1985-1986 (5).

	1985		1986	
	Casos	Taxas	Casos	Taxas
EE.UU.	2.813	(1,2)	6.255	(2,7)
ESPAÑA	80.662	(204,9)	220.109	(553,7)
GALICIA	1.607	(57,8)	4.038	(150,0)

* Taxas por 100.000 habitantes

Esta realidade unida a de outras enfermidades inmunoprevenibles, levanos a considerar prioritario o impulso da política de vacinacións. Neste senso a Consellería de Sanidade, presentará nos vindeiros meses un programa de expansión da vacinación co obxectivo xeral de conqueri-la máxima cobertura da mesma, apoiado nas recomendacións emanadas da Conferencia Europea sobre Políticas de Vacinación celebrada en Karlovy-Vary (Checoslovaquia) en 1984, baixo o patrocinio da Organización Mundial da Saúde.

Bibliografía

- (1) —L. González Gutiérrez-Solana e al.: Inmunización frente al sarampión, rubeola y parotiditis. Pediátrika Vol. VII - Año VII n.^o 4 - 1987.
- Bloch, A.B. e al.: El impacto sobre la salud de la vacunación frente al sarampión en los EE.UU. Pediatrics (Ed. Esp.). Vol. 20 (4), 1985: 137-139.
- Hinman, A.R. e al.: Progress in measles elimination. JAMA, March, 19, 1982; Vol 47 (11), 1592-1595.
- (2) —Duggan, M.B.; Miller, R.D.G.: Energy cost of measles infection. Arch. Dis. Chil., 1986 (61): 436-439.
- (3) —Bloch, A.B. e al.: opus. citada
- (4) —MMWR (Morbidity and Mortality Weekly Report)
Center for Disease Control. Atlanta EE.UU., May 29, 1987/Vol. 36 n.^o 20.
- (5) —Boletín Epidemiológico Semanal. Ministerio de Sanidad y Consumo n.^o 1.767. Semana 1/1987.
- Boletín Epidemiológico Semanal de Galicia. Vol. 2, n.^o 10, Semana 4/1987 do 6 de xullo de 1987.

CONCELLOS E AGREGACIÓN COMARCAL

(NIVEL VI MAPA SANITARIO DE GALICIA)

COMARCA DE CEDEIRA Concello de Cedeira Concello de Cerdedo	COMARCA DE ORTIGUEIRA Concello de Ortigueira Concello de Manón	COMARCA DE NARÓN Concello de Valdoviño Concello de Narón Concello de San Sadurniño Concello de Moeche Concello de Nedra	COMARCA DE AS PONTES Concello de Somozas Concello de As Pontes	COMARCA DE FERROL Concello de Ferrol	COMARCA DE FENE Concello de Fene Concello de Mugardos Concello de Caamaño	COMARCA DE PONTEDEUME Concello de Cabanas Concello de Pontedeume Concello de Miño Concello de Vilarmaior Concello de Monfero	COMARCA DE CEE Concello de Muxía Concello de Dumbría Concello de Cee Concello de Fisterra Concello de Corcubión Concello de Ezaro-O Pindo (zona asimilada)	COMARCA DE VIMIANZO Concello de Camariñas Concello de Vimianzo (Parroquias de Allo, Baio e Vilar (Zas))	COMARCA DE PONTECESO Concello de Malpica Concello de Ponteceo Concello de Cabana Concello de Laxe	COMARCA DE CARBALLO Concello de Laracha Concello de Carballo Concello de Coristanco	COMARCA DE ARTEIXO Concello de Arteixo	COMARCA DE A CORUÑA Concello de A Coruña	COMARCA DE CULLEREDO-O BURGO Concello de Culleredo Concello de Cambre Concello de Carral Concello de Cereda	COMARCA DE OLEIROS Concello de Oleiros Concello de Sada	COMARCA DE BETANZOS Concello de Bergondo Concello de Betanzos Concello de Padreane Concello de Irixoa Concello de Abegondo Concello de Oza dos Ríos Concello de Coirós Concello de Aranga Concello de Cesuras	COMARCA DE SANTA COMBA Concello de Zas Concello de Santa Comba Concello de Mazáricos	COMARCA DE NEGREIRA Concello de A Baña Concello de Negreira	COMARCA DE ORDES Concello de Tordoia Concello de Ordes Concello de Mesía Concello de Frades Concello de Oroso	COMARCA DE CURTIS-TEIXEIRO Concello de Curtis Concello de Vilasantar Concello de Sobrado	COMARCA DE SANTIAGO Concello de Val do Dubra Concello de Trazo Concello de Ames Concello de Santiago Concello de O Pino Concello de Boqueixón Concello de Touro Concello de Brion Concello de Teo Concello de Vedra	COMARCA DE MELIDE Concello de Boimorto Concello de Arzúa Concello de Melide Concello de Toques Concello de Santiso	COMARCA DE MUROS Concello de Carnota Concello de Muros	COMARCA DE NOIA Concello de Outes Concello de Noia Concello de Lousame Concello de Porto do Son	COMARCA DE PADRÓN Concello de Rois Concello de Padrón Concello de Dodro Concello de Pontecesures Concello de Valga	COMARCA DE BOIRO Concello de Boiro Concello de Rianxo	COMARCA DE RIBEIRA Concello de A Pobra do Caramiñal Concello de Ribeira	COMARCA DE A ESTRADA Concello de A Estrada Concello de Curtis	COMARCA DE LALÍN Concello de Vila de Cruces Concello de A Golada	COMARCA DE CALDAS DE REIS Concello de Portas Concello de Moraña	COMARCA DE VILAGARCÍA DE AROUSA Concello de Catoira Concello de Vilagarcía de Arousa	COMARCA DE CAMBADOS Concello de Cambados Concello de Ribadumia Concello de Meis	COMARCA DE O GROVE Concello de O Grove	COMARCA DE SANXENXO Concello de Sanxenxo Concello de Meaio	COMARCA DE PONTEVEDRA Concello de Barro Concello de Campo-Lameiro Concello de Poio	COMARCA DE ORDESA Concello de Pontevedra Concello de Cotobade Concello de Vilaboa Concello de Ponte-Caldelas Concello de A Lama	COMARCA DE FORCAREI Concello de Cerdedo Concello de Forcarei	COMARCA DE MARÍN Concello de Marín	COMARCA DE BORADE Concello de Begonte Concello de Rábade	COMARCA DE FONSEGRA Concello de Gutiriz	COMARCA DE RÁBADE Concello de Outeiro de Rei	COMARCA DE A FONSAGRADA Concello de A Fonsagrada Concello de Negreira de Muñiz	COMARCA DE OURENSE Concello de Vilamarín Concello de A Peroxa Concello de Os Peares Concello de Amoeiro Concello de Coles Concello de Nogueira de Ramuín Concello de Ourense Concello de Pereiro de Aguiar Concello de Toén Concello de Barbadás Concello de San Ciprián de Viñas	COMARCA DE LUGO Concello de Castro de Rei (metade Sur) Concello de Friel Concello de Lugo Concello de Guntín Concello de O Corgo Concello de Portomarín Concello de Taboada	COMARCA DE CASTROVERDE Concello de Castroverde Concello de Baileira	COMARCA DE PALAS DE REI Concello de Palas de Rei	COMARCA DE MONTERROSO Concello de Antas de Ulla Concello de Monterroso	COMARCA DE SARRIA Concello de O Páramo Concello de Sarria	COMARCA DE VIGO Concello de Vigo	COMARCA DE VAL MIÑOR-PANXÓN Concello de Nigrán Concello de Baiona Concello de Gondomar	COMARCA DE PORRÍNO Concello de Mos Concello de Porriño	COMARCA DE BECERREÁ Concello de Baralla (Neira de Xusá) Concello de Becerreá	COMARCA DE CHANTADA Concello de Chantada Concello de Carballedo	COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS Concello de O Saviñao Concello de Bóveda Concello de Pantón Concello de Monforte de Lemos Concello de Pobra de Brollón Concello de Sober	COMARCA DE QUIROGA Concello de Folgoso de Courel Concello de Quiroga Concello de Ribas de Sil	COMARCA DE O BARCO Concello de Cervo Concello de Foz Concello de Valadouro Concello de Alfoz	COMARCA DE O CARBALLIÑO Concello de O Irixo Concello de Piñor de Cea Concello de San Cristovo de Cea Concello de Beariz Concello de Boborás Concello de O Barco Concello de Rubiá Concello de Carballeda Concello de Larouco Concello de Petín Concello de O Bolo	COMARCA DE XINZO DE LIMIA Concello de Rairiz de Veiga Concello de Vilar de Santos Concello de Sandiás Concello de Porqueira Concello de Xinzo de Limia Concello de Trasmiras Concello de Calvos de Randín Concello de Blancos Concello de Baltar Concello de Sarreaus	COMARCA DE VERÍN Concello de Laza Concello de Castrorelo de Val Concello de Cualedro Concello de Monterrei Concello de Oimbra Concello de Verín Concello de Vilardevós	COMARCA DE A GUDIÑA Concello de Ríos Concello de A Gudiña Concello de A Mezquita
COMARCA DE RIBADAVIA Concello de Castrelo de Miño Concello de Arnosa Concello de Cortegada	COMARCA DE OURENSE Concello de Vilamarín Concello de A Peroxa Concello de Os Peares Concello de Amoeiro Concello de Coles Concello de Nogueira de Ramuín Concello de Ourense Concello de Pereiro de Aguiar Concello de Toén Concello de Barbadás Concello de San Ciprián de Viñas	COMARCA DE MACEDA Concello de Esgos Concello de Xunqueira de Espadanedo Concello de Paderne de Allariz Concello de Maceda Concello de Baños de Molgas Concello de Vilar de Barrio	COMARCA DE CASTRO-CALDELAS Concello de Parada do Sil Concello de A Teixeira Concello de Castro-Caldelas Concello de Montederramo	COMARCA DE A POBRA DE TRIVES Concello de San Xoán de Rio Concello de A Pobra de Trives Concello de Chandrex de Queixa Concello de Manzaneira	COMARCA DE VIANA DO BOLO Concello de A Veiga Concello de Vilarinho de Conso Concello de Viana do Bolo	COMARCA DE CELANOVA Concello de Cartelle Concello de A Merca Concello de Gomesende Concello de Ramirás Concello de Celanova Concello de A Bola Concello de Pontedeve Concello de Padrenda Concello de Quintela de Leirado Concello de Verea	COMARCA DE ALLARIZ Concello de Taboadela Concello de Allariz Concello de Xunqueira de Ambia	COMARCA DE BANDE Concello de Bande Concello de Lobeira Concello de Entrimo Concello de Lovios Concello de Muíños	COMARCA DE XINZO DE LIMIA Concello de Rairiz de Veiga Concello de Vilar de Santos Concello de Sandiás Concello de Porqueira Concello de Xinzo de Limia Concello de Trasmiras Concello de Calvos de Randín Concello de Blancos Concello de Baltar Concello de Sarreaus	COMARCA DE VERIN Concello de Laza Concello de Castrorelo de Val Concello de Cualedro Concello de Monterrei Concello de Oimbra Concello de Verín Concello de Vilardevós	COMARCA DE A GUDIÑA Concello de Ríos Concello de A Gudiña Concello de A Mezquita																																																

Subscripción e envío gratuito. Solicituds: Servicio de Programas e Vigilancia Epidemiológica D.X.S.P. Consellería de Sanidade
San Caetano, Bloque 2. C.P. 15704 Santiago de Compostela. A CORUÑA.